

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO ESCOLAR 2019/20

Vense de publicar a [ORDE do 3 de maio de 2019](#) pola que se regula participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar. **Código de procedemento ED330B**

Destinatarios

- **Fondo solidario de libros de texto-** Están **excluídos** de participación no fondo solidario de libros os alumnos matriculados nos centros incluídos no proxecto educativo dixital E-DIXGAL no curso 2019/20. Non obstante Terán dereito á axuda para adquirir material escolar. **Neste centro está implantado o proxecto E-DIXGAL en 1º e 2º da ESO polo que o alumnado de 1º e 2º da ESO só pode pedir axuda para adquirir material escolar.** A asignación se realizará por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar ata esgotar existencias
Terán preferencia para esta adxudicación o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta da Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior o 65% con independencia da renda.
Establécese unha garantía mínima
 - a) Alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros: 6 libros
 - b) Alumnado con renda per cápita familiar superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros: 4 libros
 - c) Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: 6 libros con independencia da renda
- **Axuda para adquirir libros de texto:** Destinado a alumnos incluídos na disposición adicional primeira (discapacidade maior ou igual a 65%) e na disposición segunda (necesidades específicas de apoio educativo)
- **Axuda para adquirir material escolar:** Teñen dereito a 50 € o alumnado pertencente a familias con renda per cápita igual ou inferior a 5400 €. Os alumnos que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 65% ou tutelados pola Xunta de Galicia serán beneficiarios desta axuda con independencia da renda.

Obrigas das persoas beneficiarias

Para poder acceder a este fondo de libros é **condición necesaria devolver os libros de texto en bo estado e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2018/19.**

O **prazo máximo para devolvelos será o 21 de xuño de 2019**, agás para o alumnado de ESO que teña algunha materia pendente, que poderá quedarse co libro correspondente ata que se examine e, como máximo, ata o **6 de setembro de 2019**.

Presentación de solicitudes

1. Poderán presentar solicitudes os pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado no centro no que estea admitido o alumno
2. A solicitude será única para todos os fillos que esten admitidos no mesmo centro docente para o curso 2019/20 e deberá estar debidamente asinada.
3. As **solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica** nos formularios normalizados disponibles na aplicación informática [Fondolibros](#) (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Nesta convocatoria poderán realizar a solicitude accedendo á aplicación Fondolibros, e unha vez teñan cuberto tódolos datos deberán gardarla obtendo así un número de solicitude e posteriormente poderán optar por:

- Presentación na sede electrónica da Xunta de Galicia. Neste suposto o centro recibirá un aviso no seu correo electrónico que lle informará de que ten solicitudes presentadas por esa vía.
- Presentación no centro. Neste caso imprimirán a solicitude e o anexo II e presentarano no centro (debidamente asinado). A solicitude xa terá asignado un número pola aplicación e o centro pode recuperalo.

Opcionalmente poderán presentar as solicitudes presencialmente (solicitar un impreso no centro), cubrir o impreso que e entregalo no centro debidamente asinado.

O prazo para presentar solicitudes xa está aberto e **rematará o día 21 de xuño** de 2019 (este incluído).

Documentación a achegar:

1. **Anexo I** (solicitude) e **anexo II** (comprobación dos datos dos membros da unidade familiar)
2. Copia do libro de familia onde figuren tódolos membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación en 31 de decembro de 2017, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:
 - Sentencia xudicial de separación ou divorcio onde figure a custodia do menor
 - Certificado ou volante de convivencia
 - Informe dos servizos social ou órgano equivalente onde resida a familia.
3. De se lo caso, segundo corresponda:
 - certificado acreditativo da discapacidade, se non fose emitido pola Xunta
 - documento acreditativa da violencia de xénero
 - resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada
 - resolución administrativa ou xudicial de acollemento, tutela ou garda da Xunta
4. Cando non se autoricen as consultas telemáticas ademais da anterior achegarase a documentación acreditativa da identidade, renda familiar e grado de discapacidade.

Achegaranse os documentos orixinais ou copias cotexadas. No caso de presentarse no centro docente, achegarase orixinal e copia para verificar a súa autenticidade.

Renda per cápita familiar

- É a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2017 dividida entre o número de membros computables.
- Computarán por dous os membros da unidade familiar que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou a equivalente da clases pasivas.
- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteña ingresos. Na declaración do IRPF do exercicio fiscal 2017 sumaranse a base impositiva xeral (recadro 415) e a base impositiva do aforro (recadro 435). Cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados, no certificado de imputacións da renda, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- As persoas que non residiran en España no ano 2017 deberán acreditar os seus ingresos no país de orixe mediante nóminas, xustificantes de pensión, xustificantes de rendementos bancarios ou calquera outro documento acreditativo. No caso de carecer desta documentación ou se non obtiveran ingresos deberán presentar unha declaración responsable dos ingresos da unidade familiar.
- Nos casos de violencia de xénero quedarán excluídos do cómputo os ingresos do agresor.

Membros computables da unidade familiar

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou tutores do alumnado.
- b) Os fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.
- c) Os fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os fillos/as solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- e) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2017, salvo nos casos de violencia de xénero.